



CÍA ELAHOOD

INTEMPESTIVA

Unha peza de danza urbana inspirada na figura de Xela Arias

ELAHOOD



Elahood é unha compañía galega fundada por Sabela Domínguez e Julia Laport no ano 2017. En xaneiro de 2018 estrean o seu primeiro espectáculo de longo formato *A soidade de Wally*, co que percorren diversos teatros e auditorios da xeografía galega.

Tamén contan con pezas curtas para rúa e espazos non convencionais coas que participan en festivais como o Festival Corpo (a) Terra, Festival Rúa ExtCénica do Concello de Oleiros ou o Festival Vai de Rúa de Betanzos. A perspectiva de xénero forma parte intrínseca da identidade de Elahood, motivándoas a presentar as súas creacións en espazos como o Festival Elas Son Artistas ou o Proxecto de Acción Artística Violencia Zero da Deputación de Pontevedra.

A súa actividade escénica vese acompañada dunha gran presenza na comunidade urbana, impulsando e participando en varios proxectos e eventos tanto a nivel nacional como internacional (Milan, Seoul, Paris, Bangkok..). Combinan isto, co seu papel pedagóxico onde levan a cabo numerosas formacións tanto presenciais dentro da comarca, como online, onde participan bailarínxs de diferentes países.

Durante o 2021/2022 Elahood estará no proceso de creación do espectáculo *NÓ*, en coprodución co Centro Coreográfico Galego

INTEMPESTIVA

***Intempestiva* é a nova proposta escénica da compañía de danza urbana Elahood.**

Inspirada na obra e na figura de Xela Arias, *Intempestiva* é un espectáculo de danza para rúa e espazos non convencionais con 15 minutos de duración. A proposta conta con Julia Laport e Sabela Domínguez na coreografía e interpretación, con Gena Baamonde na dramaturxia escénica e o espazo sonoro a cargo de Babykatze.

INTEMPESTIVA

- 1. Que se fai ou ocorre nun momento que non convén.*
- 2. Que non é o máis apropiado, por non ser o habitual ou acostumado.*

A danza urbana a miúdo semella estar fóra dos circuitos profesionais de artes escénicas galegos.

A compañía de danza urbana Elahood leva máis de tres anos demostrando que a danza urbana tamén debe estar presente nas programacións culturais do territorio, atendendo á crecente presenza da disciplina entre as novas xeracións e poñendo en valor a calidade creativa e técnica que existe nas bailarinas e creadoras galegas.

Como a poesía de Xela, Elahood sempre está na dúbida de cal é o lugar correcto, rexeitando os cánones tradicionais e amosando unha certa "rebeldía" na súa creación. Un limbo no que custa atopar o equilibrio, apostar por unha linguaxe persoal que atende á creación contemporánea baixo os movementos culturais urbanos.

Os puntos de encontro entre a linguaxe de Elahood e a poesía de Xela Arias son constantes. Na súa obra, Xela atopa nas rúas e nos espazos públicos os coidados e os afectos. As danzas urbanas tamén xorden en rúas e clubs, acompañadas de movementos sociais que fomentan o intercambio intercultural e a creación dunha identidade compartida.



***Intempestiva* plantéxase como un exercicio de liberdade e de desobediencia.**

Sempre nas marxes, oprimidas e con falta de espazos e oportunidade de mostrar a nosa identidade real. *Intempestiva* é a tempestade que nos asobollou de golpe e á que agora lle plantamos cara.

Xela Arias fai poesía en movemento, con contrastes, dinamismo, xogando coas regras ortográficas e os formatos, tamén a danza da compañía galega xoga con ritmos, fragmentacións, contrastes e desequilibrios. *Intempestiva* traslada as verbas de Xela Arias aos corpos de Elahood, nunha viaxe compartida coas audiencias, dende unha ollada feminina desbordada no movemento e na danza.

Un retrato en movemento da axitación creativa das novas xeracións.



A persoa dilúese na masa e perde a súa identidade.


CONTACTO


Julia Laport Sabela Domínguez
603458250 696017469

elahoodance@gmail.com

RRSS

 [Web Elahood](#)

 [@elahoodance](#)

 [@elahoodance](#)

TRAILER

<https://vimeo.com/547473399>